



INFORMACIÓN E CONTACTO

www.innovacioncooperativas.com
info@innovacioncooperativas.com
Teléfono: 981 55 80 08

SÍGUENOS en




Promove:
Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar



Programa de Formación en I+D+i

Iniciativa para o impulso
da investigación, o desenvolvemento
tecnolóxico e a innovación para
a promoción do cooperativismo

XUNTA DE GALICIA



O programa de formación de I+Coopera

Está formado por seis cursos de formación gratuítos de diferente temática no campo da I+D+i. Os cursos combinan formación presencial con formación en liña titorizada de xeito individualizado.

¿A quen vai dirixido?

Traballadores, socios e persoal directivo de cooperativas de calquera sector de forma prioritaria.

Duración

40 horas lectivas por curso divididas do seguinte xeito:

- 8 horas presenciais (en dúas sesións formativas)
- 32 horas de formación en liña titorizada, a través de

www.innovacioncooperativas.com

Máis información e inscrición

A páxina web do proxecto, www.innovacioncooperativas.com, dispón de máis información relativa ós cursos do programa:

- Datás de realización, tanto das xornadas presenciais ó inicio e remate da acción, como do prazo de formación en liña.
- Obxectivos e contidos de cada curso
- Participantes nas xornadas presenciais.
- Apertura de prazos de inscrición para cada curso.

A inscrición dos cursos pode realizarse a través de calquera das vías indicadas na sección Información e Contacto do reverso deste díptico (web, correo electrónico ou teléfono), indicando os seguintes datos:

- Nome, apelidos e DNI.
- Enderezo postal.
- Teléfono e correo electrónico de contacto.
- Cooperativa á que pertence e posto desempeñado.

Título e descrición dos cursos

1. Implantación da cultura innovadora na cooperativa

Este curso explica de xeito moi práctico que é a innovación, factores críticos do entorno, tipoloxías de innovación, características de proxectos de innovación, fontes de información para definir proxectos e casos prácticos reais.

Datás de sesións presenciais: 06/10/2011 e 27/10/2011

2. Ferramentas de creatividade para o fomento da innovación nas cooperativas

O obxectivo deste curso é que o alumno coñeza diferentes ferramentas de creatividade que poidan ser de utilidade na identificación de proxectos de innovación para a cooperativa.

Datás de sesións presenciais: 03/11/2011 e 24/11/2011

3. A xestión da innovación segundo a Norma UNE 166002:2006

Neste curso explícanse de xeito detallado o alcance, requisitos e o proceso de certificación da Norma UNE 166002:2006, estándar sobre Sistemas de Xestión de I+D+i nas organizacións.

Datás de sesións presenciais: 01/12/2011 e 22/12/2011

4. O ciclo de vida dun proxecto de I+D+i

De cara a asegurar a planificación, control e seguemento de proxectos, este curso céntrase no detalle dun modelo de ciclo de vida dun proxecto de I+D+i, definindo fases, recursos necesarios, características e indicadores asociados a este tipo de proxectos.

Datás de sesións presenciais: 09/1/2012 e 02/02/2012

5. Coaching e innovación

O potencial nos proxectos de innovación atópase no coñecemento e experiencia das persoas e sistemas de xestión que conforman calquera cooperativa. Neste curso incídese en como xestionar eses activos de cara a desenvolver proxectos de innovación.

Datás de sesións presenciais: 06/02/2012 e 29/02/2012

6. As TICs como ferramentas de soporte á innovación.

As TIC xogan un papel relevante en actividades de innovación como a vixianza tecnolóxica e o desenvolvemento de automatismos ou sistemas de información para a mellora de procesos. Este curso pretende mostrar de xeito práctico como as TIC poder supor importantes innovacións nos produtos e procesos das cooperativas.

Datás de sesións presenciais: 08/03/2012 e 29/03/2012